



Panadería Aboamigalla con 6ºA e C de primaria

Enviado por [admin1](#) [1] o Sáb, 05/03/2025 - 16:40

[Curso 24_25](#) [2]

O día 22 de abril, as aulas de 6ºA e 6ºC de primaria, visitaron o **obradoiro da panadería Aboamigalla**, que colabora co comedor do noso centro e nos ofreceu a realización dunha proposta de xeito gratuíto. No obradoiro Aboamigalla, explicáronlle ao alumnado en que consiste a súa aposta pola conservación da tradición artesá e pola protección do medio ambiente, o noso futuro. Achegaron o seu proceso de produción sostible do Pan de Cea para o que non empregan combustibles fósiles, co que o impacto medio ambiental é menor e para o que aproveitan a enerxía calorífica residual que se produce durante o quecemento dos fornos, para a elaboración do pan.

Desde aquí queremos transmitir o noso enorme agradecemento por proporcionar ao alumnado os seus saberes e acollernos con tanta profesionalidade.



Feito con Drupal (ver. 6.28).



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>